



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Elaboración y aprobación do regulamento da modalidade de teletraballo do Concello de Betanzos
EXPEDIENTE: 2025/G013/000004

Por Acordo do Pleno de data 28.10.2025 aprobouse inicialmente o regulamento da modalidade de teletraballo do Concello de Betanzos, non habendo alegacións, procede a aprobación definitiva, o que se publica aos efectos dos artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

“ASUNTO: Regulamento da modalidade de teletraballo do Concello de Betanzos
EXPEDIENTE:2025/G013/000004

O artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, consagra dentro dos dereitos de carácter individual dos empregados públicos o dereito “á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral”

Pola súa banda o Real Decreto-lei 29/2020, de 29 de setembro, de medidas urxentes en materia de teletraballo nas Administracións Públicas e de recursos humanos no Sistema Nacional de Salud para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, abordou unha modificación do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, introducindo un novo artigo 47.bis, relativo ao Teletraballo; e prevendo na súa Disposición Final Segunda a adaptación das normativas das distintas administracións públicas ao previsto naquel Real Decreto-Lei, nun prazo de seis meses a contar dende a entrada en vigor do mesmo.

De acordo coa nova redacción repútase teletraballo aquela modalidade de prestación de servizos a distancia na que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fora das dependencias da Administración, mediante o uso de tecnoloxías da información e comunicación.

En boa lóxica, o teletraballo requirirá un esforzo por parte dos/das empregados/das e por parte da propia organización a fin de establecer este sistema e modalidade prestacional do traballo con suficientes garantías, cohonestando os dereitos daqueles/as cun novidoso modelo produtivo e de servizo público; favorecendo a flexibilidade na organización do traballo; incrementando as oportunidades de emprego; e optimizando a conciliación familiar. A tal fin resulta preciso o ditado dunha regulación equilibrada dos dereitos e obrigas, que contemple un uso intensivo das novas tecnoloxías e canalice a íntima implicación de todos os axentes nesta aposta.

Entre outras vantaxes cabe destacar a redución do tempo en desprazamentos, a sostibilidade ambiental ou a mellora da conciliación do desenvolvemento profesional coa vida persoal e familiar, respectando en todo caso os principios de transparencia, igualdade entre mulleres e homes e a corresponsabilidade, e manténdose os dereitos correspondentes, tales como o dereito á intimidade ou a desconexión dixital, e prestando unha especial atención aos deberes en materia de confidencialidade e protección de datos.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ÍNDICE

Artigo 1. Definicións.

Artigo 2. Obxecto e finalidade do teletraballo.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

Artigo 4. Procedemento de acceso á modalidade de teletraballo.

Artigo 5. Requisitos.

Artigo 6. Criterios preferentes de autorización.

Artigo 7. Organización

Artigo 8. Causas de denegación e revogación.

Artigo 9. Supervisión.

Artigo 10. Supostos excepcionais.

Artigo 11. Dereitos e deberes.

Artigo 12. Seguimento



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Artigo 1. Definicións.

Aos efectos do establecido nesta norma, entenderase por:

- Traballo presencial: aquel traballo que se presta no centro de traballo ou no lugar determinado polo propio Concello.
- Traballo a distancia: aquel que se presta no domicilio da persoa traballadora ou no lugar libremente elixido por esta, durante toda ou parte da súa xornada, e de modo non ocasional.
- Teletraballo: aquela modalidade de prestación de servizos a distancia na que o contido competencial do posto de traballo pode desenvolverse, sempre que as necesidades do servizo o permitan, fóra das dependencias da Administración, mediante o uso de tecnoloxías da información e comunicación.

As anteriores definicións serán as que determine, en todo caso, a lexislación vixente en materia de teletraballo.

2. Obxecto e finalidade do teletraballo.

1. Constitúe o seu obxecto o establecemento de formas de organización do traballo que permitan acadar modalidades de prestación de servizos diferentes á presencial. Neste sistema o contido competencial do posto de traballo desenvólvese fóra das dependencias da Administración a través da utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación.
2. O teletraballo ten como finalidade conseguir un mellor e máis moderno desenvolvemento do posto de traballo a través do fomento do uso de novas tecnoloxías e a xestión por obxectivos, así como contribuír á conciliación da vida persoal, familiar e laboral ou outras circunstancias persoais ou organizativas que así o aconsellen.
3. A prestación do servizo mediante teletraballo haberá de ser expresamente autorizada e será compatible coa modalidade presencial. En todo caso, terá carácter voluntario e reversible agás nos supostos excepcionais debidamente xustificados.
4. O persoal que teletraballe terá os mesmos deberes e dereitos, individuais e colectivos, recollidos no EBEP que o resto do persoal que preste os seus servizos na modalidade presencial, incluíndo a normativa de prevención de riscos laborais que resulte aplicable, agás aqueles que sexan inherentes á realización da prestación do servizo de maneira presencial.
5. Tamén quedará garantido o horario de execución do teletraballo debendo en todo caso, completar o tempo da xornada laboral anual.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

1. O presente regulamento será de aplicación ao persoal funcionario e laboral que preste servizos no Concello de Betanzos e ocupen un posto de traballo susceptible de ser desempeñado na modalidade de teletraballo, de conformidade co establecido neste documento.
2. Terán a consideración de postos de traballo susceptibles de ser desempeñados mediante teletraballo, aqueles que poidan ser exercidos de forma autónoma e non presencial atendendo ás súas características específicas e aos medios requiridos para o seu desenvolvemento.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

3. Polas súas características, non son susceptibles de ser desempeñados mediante teletraballo os postos seguintes:

- a) postos de atención directa ao público e emerxencias: rexistro, policía local (agás persoal dedicado a tarefas administrativas), biblioteca, conserxería.
- b) calquera outro posto cuxas funcións impliquen necesariamente a prestación de servizos presenciais.

Enténdese por servizos presenciais aqueles cuxa prestación efectiva soamente queda plenamente garantida coa presenza física da persoa traballadora.

Sen prexuízo do anterior, os postos de traballo cuxa efectiva prestación esixa a presenza física do persoal no centro de traballo, pero que, ao mesmo tempo, incorporan tamén algunhas funcións que se poidan prestar mediante teletraballo, poderán desempeñar estas funcións mediante teletraballo na parte da xornada na que non estean a realizar funcións estritamente presenciais.

4. A autorización deberá garantir a presenza necesaria para a prestación do servizo correspondente e, así mesmo, xustificar a existencia de actividade suficiente para realizarse a distancia mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

5. O teletraballo non supoñerá en ningún caso, motivo de modificación da valoración do posto de traballo que supoña un incremento nos complementos de destino e específico ou unha redución dos mesmos.

Artigo 4. Procedemento de acceso á modalidade de teletraballo.

1. O procedemento de autorización do teletraballo iniciarase por solicitude da persoas interesada dirixida á Alcaldía conforme ao Anexo I.

2. Presentada dita solicitude, que deberá realizarse de xeito electrónico, no prazo máximo de 20 días naturais a contar desde a presentación da mesma será remitida á representación dos/as traballadores/as cunha petición de informe e á coordinación de departamento, ou de non existir ao concelleiro/a delegado/a da área correspondente. Este último cargo elevará, vistos os informes dos representantes sindicais, informe-proposta motivado á alcaldía, ou cargo en que delegue, para que no prazo máximo de 10 días naturais proceda a resolver. Se transcorridos ditos prazos non se tivera resolto, a solicitude entenderase estimada por silencio administrativo.

As resolucións das solicitudes de teletraballo deberán ser remitidas á representación dos/as traballadores/as para o seu coñecemento.

3. A resolución favorable á prestación da xornada na modalidade non presencial poderá ser suspendida temporalmente a instancia da Alcaldía pola aparición de causas sobrevidas que alteren substancialmente as condicións e requisitos que motivaron a resolución favorable.

4. En todo caso, a resolución que deixe sen efecto o teletraballo, adoptarse previa audiencia do/da empregado/a público/a, e deberá ser motivada, dando conta aos representantes dos traballadores.

5. A finalización desta modalidade de xornada non presencial levará consigo a incorporación de xeito inmediato da persoa empregada pública á modalidade presencial que tiña asignada anteriormente.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

6. A Administración poderá requirir a presenza da persoa teletraballadora no centro de traballo por necesidades urxentes do servizo debidamente xustificadas, mediante comunicación efectuada con antelación, como mínimo durante a xornada de traballo anterior, sen prexuízo do deber de reincorporarse con carácter automático cando de xeito sobrevido se produza unha indispoñibilidade de medios que imposibiliten a prestación de servizos nesta modalidade, ou con carácter inmediato no caso dunha situación de emerxencia que pola súa propia natureza deba ser atendida presencialmente.

Artigo 5. Requisitos.

1. As persoas empregadas públicas incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento, que estean interesadas en prestar o seu servizo mediante teletraballo haberán de reunir e acreditar os seguintes requisitos:

- a) Estar en situación de servizo activo.
- b) Desenvolver un posto de traballo que se considere susceptible de ser prestado na modalidade de teletraballo.
- c) Ter os coñecementos suficientes en materia informática e telemática, teóricos e prácticos, que require o exercicio das funcións obxecto do teletraballo.
- d) Acreditar a formación en materia de prevención de riscos laborais de acordo co sinalado polo
Servizo de Prevención de Riscos Laborais, interno ou externo, do Concello de Betanzos.
- e) Adquirir o compromiso de cumprimento da normativa en materia de protección de datos.

2. Os recursos tecnolóxicos para desenvolver o posto na modalidade de teletraballo serán en todo caso os seguintes:

- a) Un ordenador para o seu uso nas xornadas de teletraballo.
- b) As ferramentas ofimáticas de traballo remoto ou de traballo colaborativo e de ciberseguridade, que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das funcións que se deban realizar en réxime de teletraballo.
- c) Acceso ás aplicacións informáticas do Concello de Betanzos e/ou da Deputación Provincial, e concretamente, ás empregadas no departamento ao que estea adscrito o posto de traballo.
- d) A conexión cos sistemas informáticos do Concello de Betanzos e no seu caso da Deputación Provincial que deberán levarse a cabo de conformidade coa política de seguridade de ambos organismos para garantir a accesibilidade, axilidade, seguridade e confidencialidade da comunicación e dos sistemas de información.
- e) Os sistemas de sinatura electrónica durante a prestación dos servizos en réxime de teletraballo determinados polo Concello de Betanzos, que serán os mesmos que os utilizados no réxime ordinario de prestación de servizos.

3. O Concello de Betanzos facilitará os medios e recursos tecnolóxicos para levar a cabo o teletraballo. Os dispositivos facilitados non poderán ser empregados para finalidades diferentes das derivadas da prestación de servizos que motivan a súa entrega ao persoal teletraballador, que deberá responsabilizarse da súa integridade, custodia, conservación en perfecto estado, e da súa dispoñibilidade para prestar servizos na modalidade remota ou presencial. Igualmente o Concello de Betanzos, en colaboración coa Deputación Provincial, prestará o soporte técnico necesario para calquera tipo de incidencias que poidan xurdir durante a xornada laboral e a utilización dos dispositivos durante o teletraballo.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

4. Os requisitos mínimos esixidos deberán conservarse durante todo o período de tempo no que a persoa preste o seu servizo en réxime de teletraballo.

Artigo 6. Criterios preferentes de autorización.

1. Non se autorizará o teletraballo se a suma das xornadas non presenciais simultáneas nas unidades ou departamentos afecta a continuidade, calidade ou atención ao público do servizo. O Concello poderá, xustificadamente, establecer cotas máximas por unidade para garantir o funcionamento.

2. Cando concorresen varios/as empregados/as públicos/as que desexen prestar o servizo mediante xornada non presencial por teletraballo, e pertencen á mesma unidade de traballo, esgotadas no seu caso as posibilidades de rotación ou de acordo entre os/as propios/as traballadores/as empregados/as públicos/as, valoraranse preferentemente, as seguintes circunstancias debidamente acreditadas e pola orde que a continuación se establece:

- Conciliación da vida familiar e persoal coa laboral: que teñan ao seu cargo persoas maiores de 75 anos que precisen coidados continuados, fillos menores de 14 anos, familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade con discapacidade, familiares con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- Empregados/as públicos/as con discapacidade $\geq 33\%$.
- Empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.

3. Se unha vez aplicados os criterios de preferencia anteriores varias persoas solicitantes tiveran circunstancias semellantes, realizarase o desempate por sorteo, que levará a cabo a coordinación do servizo ou concellería delegada, en presenza das persoas traballadoras afectadas.

4. As referencias que neste apartado se fan ao parentesco en grao de afinidade inclúen tamén o parentesco entre o/a empregado/a público/a e os parentes por consanguinidade da súa parella de feito ou relación de análoga natureza.

Artigo 7. Organización

1. A autorización do teletraballo terá carácter provisional durante os primeiros 3 meses, suxeita a avaliación de cumprimento e impacto organizativo. Se a avaliación é negativa, ésta será notificada á persoa afectada e aos representantes sindicais, e someterase á Comisión Paritaria mixta.

A renovación anual estará condicionada a valoración positiva por parte do superior xerárquico.

2. Con carácter xeral, as xornadas de teletraballo estableceranse cun máximo de dous días por semana, non consecutivos e excluindo os luns e os venres, para garantir a adecuada cobertura presencial dos servizos municipais. Poderanse establecer supostos excepcionais, coa autorización previa do concelleiro delegado de persoal, polas características da autoorganización específica do servizo ou posto en cuestión, ou por razóns xustificadas de conciliación da vida familiar e persoal coa laboral.

3. Cada empregado propondrá a súa preferencia na distribución das xornadas semanais de teletraballo, e dita proposta será tida en conta á hora de conceder a autorización do teletraballo, atendendo á correcta organización dos servizos.

Sen prexuízo dos días que se establezan como xornada de teletraballo, o/a traballador/a pode decidir traballar voluntariamente dende o centro de traballo por razóns de autoorganización de tarefas e funcións, avisando previamente á súa coordinación do servizo ou concellería delegada, no seu caso.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Con carácter puntual poderá establecerse un réxime de teletraballo parcial para os seguintes casos:

- a) Cando por causas de conciliación da vida laboral ou familiar ou por outras debidamente xustificadas non se poida completar a xornada de traballo presencial.
- b) Para o caso de atribucións de tarefas non habituais.

4. A realización de servizos de carácter extraordinario estará supeditada ao establecido no Convenio Colectivo e no Acordo Regulador, e respectando, en todo caso, as pausas e os descansos entre días.

Artigo 8.-Causas de denegación e revogación.

1. As solicitudes de teletraballo poderán ser denegadas por algunha das seguintes causas debidamente xustificadas:

- Por non reunir o/a empregado/a os requisitos establecidos no artigo 5 do presente documento.
- Por necesidades do servizo debidamente xustificadas.
- Por calquera outra causa debidamente xustificada.

2. Igualmente a autorización para a prestación do servizo na modalidade de teletraballo, poderá ser revogada:

- a) Por calquera das causas establecidas no apartado 1 do presente artigo.
- b) Por cambio de posto de traballo.

3. Dado o carácter voluntario da prestación de servizos nesta modalidade, a persoa empregada pública que estea autorizada poderá, en calquera intre, solicitar a renuncia á autorización.

Artigo 9.-Supervisión.

O Concello establecerá en todo caso e adaptará os mecanismos de comprobación do cumprimento horario, a través dos sistemas de control de presenza operativos en cada momento.

Ademais do control horario, o Concello poderá realizar auditorías internas aleatorias sobre a actividade desenvolvida en réxime de teletraballo, sempre respectando a normativa de protección de datos e privacidade.

Artigo 10.-Supostos excepcionais.

Os/as empregados/as públicos/as que aleguen supostos excepcionais de carácter temporal que impidan a presenza no posto de traballo pero permitan o teletraballo e que reúnan os requisitos establecidos no artigo

5, poderán solicitar con carácter puntual e excepcional, durante o tempo que dure a situación, a prestación en teletraballo previa xustificación das devanditas circunstancias excepcionais. As situación son as seguintes:

- a) Para traballadoras embarazadas.
- b) Para aqueles casos nos que así o recomenden os servizos de prevención corporativos por problemas de saúde relacionados coa mobilidade do/a traballador/a, nos que a diminución das viaxes poida evitar unha maior afectación á saúde.
- c) Naquelas outras situacións nas que se xustifique por circunstancias excepcionais de carácter temporal.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Os supostos excepcionais permitirán o teletraballo por un período máximo de 3 meses prorrogables, tras nova xustificación e informe do Servizo de Prevención.

Nestes casos, a resolución da solicitude realizarase mediante trámite de urxencia a través de Decreto da Alcaldía, con redución dos prazos de tramitación á metade dos establecidos no artigo 4, debendo darse conta da mesma á representación dos traballadores.

Os/As empregados/as públicos/as incluídos nestes supostos excepcionais volverán a prestar os seus servizos na xornada presencial que tiñan asignada, unha vez que cesen as causas excepcionais que motivan a súa solicitude.

Cando se aprecie a concorrencia de situacións excepcionais de forza maior, grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do concello de xeito presencial, poderá decretar o teletraballo para todo ou parte dos/as empregados/as públicos/as, mediante resolución da Alcaldía.

Artigo 11.-Dereitos e deberes.

O/A empregado/a público/a suxeito/a ao réxime de teletraballo terá os mesmos dereitos e deberes que o resto do persoal do Concello de Betanzos, agás os derivados especificamente deste regulamento, e non sufrirá variación ningunha nas súas retribucións.

Artigo 12.- Seguimento.

Calquera consideración na interpretación da presente regulación examínase e resólvese na Comisións correspondentes ao control do cumprimento do Acordo / Convenio reguladores do persoal do Concello de Betanzos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO I: SOLICITUDE DE TELETRABALLO PARA O PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE BETANZOS.

Datos do/a solicitante:

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
Teléfono de contacto:		Email

Datos do posto de traballo:

Tipo (laboral/funcionario)	Posto de traballo:
Departamento ao que se adscribe:	
Servizo activo si non	
Principais funcións que desenvolve:	

Criterios de prelación:

Conciliación da vida familiar e persoal coa laboral: que teñan ao seu cargo persoas maiores de 75 anos que precisen coidados continuados, fillos menores de 14 anos, familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade con discapacidade, familiares con enfermidade grave ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
Empregados/as públicos/as con discapacidade
Empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.

Días que solicita prestar en réxime de teletraballo.

Luns	
Martes	
Mércores	
Xoves	
Venres	

Observacións

O solicitante declara coñecer e comprometerse a cumprir todos os requisitos e deberes establecidos no Regulamento da modalidade de teletraballo do Concello de Betanzos, e igualmente declara expresamente e baixo a súa responsabilidade que se compromete en todo momento a cumprir a normativa vixente en



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

materia de protección de datos de carácter persoal, así como que o lugar ou lugares utilizados para desenvolver o teletraballo reúnen as axeitadas condicións de seguridade e saúde no traballo.

Asinado dixitalmente polo/a solicitante.”

Betanzos, na data indicada na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE